

**PLAN ANUAL 2013 DA COOPERACIÓN
GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA
UNIÓN EUROPEA**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NAS CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE AXUDAS E SUBVENCÍONS DO ANO 2012
3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2013
4. ORZAMENTOS 2013

1. INTRODUCCIÓN

O proxecto do Plan Anual da Cooperación Galega 2013 que a continuación se presenta trata de conxugar a cobertura dos obxectivos previstos no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 (no cal se enmarca o Plan 2013) cuns recursos financeiros limitados polas restricións orzamentarias, pero mantendo unha aposta firme pola eficacia da xestión.

Se ben, debido as especiais circunstancias de crise económica que obrigan a unha contención do gasto público nas diferentes partidas orzamentarias da Xunta de Galicia, non se acada o obxectivo do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 (a partir de agora II PD) de “asegurar ao finalizar o período de vixencia do mesmo un incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos destinados no 2009”, co Plan Anual 2013, último dos incluídos no II PD, tratarase de dar a maior cobertura posible ao resto dos obxectivos contemplados no Plan Director.

Con este Plan Anual, a Xunta de Galicia, a pesar do recorte orzamentario sufrido, mantén a súa firme aposta pola cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria. Prevense para este ano intervencións en todos os ámbitos de actuación recollidos no II PD, a meirande parte delas iniciadas na anualidade 2012, poñendo énfase na utilización dos novos recursos dispoñibles nas actuacións de educación para o desenvolvemento e de acción humanitaria e resposta ás emerxencias, seguindo as directrices do recentemente aprobado IV Plan Director da Cooperación Española, que promove a coordinación de todos os actores da cooperación española neste eido.

O contexto económico destes últimos anos está a dificultar o apoio orzamentario que as administracións públicas poden dedicar á política internacional de cooperación para o desenvolvemento, razón pola que a Xunta da Galicia non puido dar cumprimento ao obxectivo de

incremento progresivo dos recursos e de porcentaxe de gasto destinados a esta política pública previsto no II PD.

No ano 2013 iniciárase o proceso de elaboración do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017, que terá un carácter máis estratéxico e buscará a posta en valor dos aspectos cualitativos da cooperación galega. Igualmente, adecuarase ás directrices establecidas no IV Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

Seguirase traballando para a mellora dos niveis de coordinación da Xunta de Galicia coa Administración Xeral do Estado e coas demais CC.AA., principalmente a través da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), asumindo un papel activo nos foros e reunións de coordinación convocados pola cooperación española e buscando novas formas de colaboración.

Por tanto, Galicia aposta neste ano por afondar na orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poñan en valor as singularidades da nosa Comunidade, poñendo énfase na especialización en determinados sectores nos que dispoñemos de demostrada experiencia.

O orzamento de partida deste Plan Anual 2013 é de 4.312.370 € Este orzamento total obtense da suma dos 4.143.379 € procedentes do orzamento previsto para o Programa Orzamentario 331-A “Cooperación Exterior”, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, dentro dos Capítulos I (Gastos de Persoal), IV (Transferencias correntes), VI (Investimentos reais) e VII (Transferencias de capital) e de 168.991 € correspondentes á parte do Capítulo II (Gastos de funcionamento) que se destinará á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro do outro programa orzamentario da Dirección Xeral.

Non se consideran no Plan os recursos orzamentarios que ao longo do ano 2013 poidan destinar outros departamentos da Xunta de Galicia a actuacións que computen como Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) e que serán recollidos posteriormente no informe de execución final.

2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NAS CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE AXUDAS E SUBVENCÍONS DO ANO 2012

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE utilizou no ano 2012 como principal instrumento para o financiamento de actuacións as convocatorias públicas de axudas e subvencións, que recollían compromisos plurianuais, polo que neste ano 2013 é necesario cumprir eses compromisos establecidos na resolución das ditas convocatorias.

De tal xeito, o orzamento total comprometido para o ano 2013 ascende a 3.275.403,80 € de acordo co seguinte:

- **Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD e das universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación.

A dotación total da convocatoria do ano 2012 foi de 3.350.000 € para proxectos de cooperación de ONGD (1.005.000 € con cargo aos orzamentos de 2012 e 2.345.000 € con cargo aos de 2013) e de 1.000.000 € para proxectos de cooperación dos outros axentes (300.000 € con cargo aos orzamentos de 2012 e 700.000 € con cargo aos de 2013). Inclúanse tamén na devandita convocatoria axudas de ata 175.000 € para microproxectos de cooperación de ONGD.

Por tanto, mantívose no 2012 a dotación económica establecida na convocatoria do ano 2011 e variouse a porcentaxe de asignación de fondos anuais, sendo a distribución por anualidades do 30% para o ano 2012 e do 70% para o 2013.

No ano 2013 manteranse, como non podería ser doutro xeito, os compromisos adquiridos na resolución da convocatoria correspondente ao 2012, segundo o disposto na Resolución do 2 de maio de 2012 pola que se conceden subvencións para proxectos no exterior de ONGD e doutros axentes, de acordo coa seguinte distribución:

Foron aprobados 27 proxectos por un importe total de 4.326.485 € (2.912.194,60 € en 2013):

- 21 proxectos no exterior de ONGD: 3.357.639,00 € (2.308.347,30 € no 2013).
- 6 proxectos no exterior doutros axentes: 881.078,00 € (603.847,30 € no 2013).

• **Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD).**

Tamén seguindo o establecido na Lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo xeral a realización dunha política activa e integral de Educación para o Desenvolvemento, por tratarse dunha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizada dende as sociedades dos países do Norte.

Os esforzos neste ámbito encamiñanse cara á construción dunha cidadanía comprometida de maneira continuada coa erradicación da pobreza e co desenvolvemento humano sostible. Para iso debe existir un proceso educativo, sensibilizador e formativo, que permita á sociedade ser consciente das diversas realidades coexistentes no mundo e involucrarse nos procesos de desenvolvemento dos países menos favorecidos e na súa loita contra as causas da pobreza.

Mantívose, por tanto, no 2012 a dotación económica establecida na convocatoria do ano 2011 e variouse a porcentaxe de asignación de

fondos anuais, sendo a distribución por anualidades do 35% para o ano 2012 e do 65% para o 2013.

No ano 2013 manteranse, como non podería ser doutro xeito, os compromisos adquiridos na resolución da convocatoria correspondente ao ano 2012, segundo o disposto na Resolución do 20 de marzo de 2012 pola que se conceden subvencións para proxectos educación para o desenvolvemento de ONGD, de acordo coa seguinte distribución:

- 15 proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD): 364.617 €(159.955,40 €no 2012 e 204.661,60 €no 2013).

• **Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD.**

Seguindo o establecido na Lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo específico o fortalecemento dos axentes de cooperación para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación.

Mantívose, por tanto, no 2012 a dotación económica establecida na convocatoria do ano 2011 e variouse a porcentaxe de asignación de fondos anuais, sendo a distribución por anualidades do 35% para o ano 2012 e do 65% para o 2013.

No ano 2013 manteranse, como non podería ser doutro xeito, os compromisos adquiridos na resolución da convocatoria correspondente ao ano 2012, segundo o disposto na Resolución do 20 de marzo de 2012 pola que se conceden subvencións para proxectos consolidación e fortalecemento de ONGD, de acordo coa seguinte distribución:

- 6 proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD: 115.651 € (62.647,40 €no 2012 e 53.003,60 €no 2013).

- **Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento.**

Dende hai anos a Xunta de Galicia fai unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega que redunde nunha mellora da calidade da mesma, a través do financiamento das bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento que permiten aos beneficiarios/as completar a súa formación con estadias, tanto no terreo como na sede da Dirección Xeral competente na materia.

Este investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

No ano 2012 convocáronse 12 bolsas de carácter plurianual, para garantir que os beneficiarios gocen dun ano completo de formación, tres das cales se desenvolveron na sede da Dirección Xeral en Santiago de Compostela e as nove restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID ou nas delegacións das axencias de Nacións Unidas coas que se vén colaborando nos últimos anos (FAO e ONU MULLERES).

No ano 2013 11 dos bolseiros e bolseiras seleccionados pola Resolución de 7 de maio de 2012 continuarán a súa formación nos seus destinos ata o mes de maio.

- **Acordo de Coordinación con Augas de Galicia para o cofinanciamento do proxecto “Parcería para o Apoio Técnico á Consolidación da Administración Rexional de Augas do Norte (Ara-Norte), Mozambique”.**

O obxecto deste convenio é garantir o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas en Mozambique, contribuíndo á redución da pobreza da poboación, mellorando a realización das atribucións do ARA -Norte, establecidas no seu estatuto orgánico, nas concas hidrográficas internas de Montepuez, Messalo e Megaruma.

O proxecto executarase ata o ano 2014, recibindo un financiamento comunitario de 393.980 €, procedentes do Fondo Europeo para o Desenvolvemento (FED).

O cofinanciamento da Xunta de Galicia ascende a 138.000 € (2012-2014). Para o ano 2013 a achega será de 50.000 €

3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2013

Para o ano 2013 a Cooperación Galega conta cun orzamento que na súa meirande parte atópase xa comprometido debido a que as convocatorias públicas de axudas e subvencións do ano 2012 recollían compromisos orzamentarios tanto para o ano 2012 como para o exercicio 2013.

De tal xeito, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ten que realizar este ano unha priorización dos recursos dispoñibles, que nos permitan acadar os obxectivos establecidos no II PD no seu último ano de vixencia.

Actuacións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

As actuacións previstas para o ano 2013 centraranse nos seguintes ámbitos:

- **Convocatoria de proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD).**

O II PD recolle como obxectivo xeral a realización dunha política activa e integral de educación para o desenvolvemento, por tratarse dunha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizada dende as sociedades dos países do Norte.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar dende a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

Neste ano publicarase unha nova convocatoria, de carácter plurianual, cunha dotación mínima para a anualidade 2013 de 200.000 €

O obxecto da convocatoria, dirixida a organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, será a concesión de subvencións para actividades desenvolvidas dentro das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- a) Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento, difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

- **Actuacións de Acción Humanitaria.**

No ámbito da acción humanitaria para o ano 2013, consonte ao establecido no II PD, e tendo en conta o actual contexto económico, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE continuará traballando para aumentar as capacidades de resposta rápida e eficaz da Xunta de Galicia ante as emerxencias, tendo en conta criterios de necesidade e vulnerabilidade, entre outros, e contribuindo así ao cumprimento dos obxectivos establecidos no II PD.

Nos últimos anos, grazas a colaboración e coordinación establecida coa AECID e coa entidade Farmacéuticos Mundi, a Xunta de Galicia ten actuado para dar resposta á maioría dos chamamentos internacionais de axuda, tratando de paliar as consecuencias das crises humanitarias máis graves desatadas. Co fin de seguir permitindo este tipo de actuacións, no ano 2013 preténdese renovar os acordos de colaboración asinados coa AECID e con Farmacéuticos Mundi, aos que se destinarán 80.000 €

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD.**

Ademais do fortalecemento específico das ONGD como actores destacados da cooperación galega, continuarase co apoio financeiro ás actuacións que nese ámbito se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, polo seu papel como representante dunha gran maioría do sector que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas.

En cumprimento do obxectivo de fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD como entidade que agrupa a 48 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta e na formación, a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase a contribuír ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora, a través de diversas accións como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc, e por outra, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

A dotación financeira prevista para este convenio en 2013 será de 60.000 €

- **Convenio de colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR).**

No ano 2013 manteremos a colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), asinando un novo convenio para dar continuidade ao Plan de Formación de Pescadores Artesanais

(PROFOPAC) que se está a executar co financiamento da cooperación galega dende o ano 2006, co fin de afondar no desenvolvemento das capacidades como unha ferramenta clave para o desenvolvemento social e produtivo do sector da pesca de pequena escala na rexión centroamericana.

O obxectivo do convenio será contribuír ao desenvolvemento social e económico sostible e á seguridade alimentaria da rexión centroamericana a través da profesionalización dos recursos humanos vinculados ao sector da pesca e a acuicultura de pequena escala.

A dotación financeira prevista para este convenio en 2013 será de 60.000 €

- **Colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.**

Se ben as restricións orzamentarias no van permitir asinar no 2013 un novo Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE colaborará con esta entidade na organización e cofinanciamento de actividades de formación e sensibilización que se desenvolverán ao longo do ano.

- **Coordinación interadministrativa.**

O II PD indica que cómpre avanzar na mellora das capacidades da Xunta para exercer un papel de liderado na articulación dunha cooperación galega de calidade e lograr unha maior coordinación en dous espazos diferentes: o interno ou galego e o externo.

Polo que respecta ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE continuará traballando para fortalecer a capacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade, tanto no seo da Comisión

Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento como na comunicación permanente coas secretarías xerais técnicas dos outros departamentos da Xunta, na coordinación das accións no eido da cooperación exterior.

Consellerías como a do Medio Rural e do Mar, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ou Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poden prestar unha importante colaboración técnica naqueles proxectos que na súa formulación ou execución necesiten un asesoramento sectorial especializado.

A nivel local, ademais de participar nas xuntanzas dos órganos de cooperación dos distintos concellos dos que forme parte a Dirección Xeral e colaborar como cada ano no premio de Cooperación Urbana convocado polo Consorcio da Cidade de Santiago, cómpre xerar dinámicas de coordinación máis efectivas coa cooperación local, principalmente coas entidades locais con maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento. A tal fin estudárase a pertinencia da creación dunha mesa sectorial específica que integre á Dirección Xeral, ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aos concellos e deputacións galegas mas activas.

Por outra banda, seguirase traballando para a mellora dos niveis de coordinación da Xunta de Galicia coa AECID e con outras CC.AA., asumindo un papel activo nos foros e reunións de coordinación convocados tanto pola cooperación española como polas cooperación descentralizadas.

Principalmente, este ano a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza participará de forma activa nas xuntanzas organizadas pola Secretaría General de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e no V Encontro de CC.AA. que se vai celebrar en Cataluña.

Así mesmo, iniciaranse os trámites co Instituto Galego de Estatística para a inclusión dos datos referentes á cooperación galega nos Programas estatísticos anuais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Sinatura dun acordo marco de colaboración coa Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIIAPP).**

A FIIAPP é unha fundación do sector público estatal que foi creada como instrumento do Goberno Español para colaborar e ofrecer asistencia técnica na modernización institucional, a gobernabilidade democrática e a reforma da administración de terceiros países.

Este Acordo Marco de colaboración coa FIIAPP servirá para establecer un marco xurídico que facilite a participación dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación e asistencia técnica internacional, presentándose como socios nas convocatorias de axudas e licitacións internacionais.

Coa sinatura deste acordo, enmarcado na mellora da coordinación entre os distintos departamentos da Xunta e a Administración Xeral do Estado, facilitarase a chegada de fontes externas de financiamento para proxectos de cooperación.

- **Busca activa de fontes de financiamento externo.**

Afondarase tamén nas actuacións iniciadas no ano 2010 para aproveitar as posibilidades de financiamento ofertadas pola Unión Europea e outros organismos internacionais en proxectos conxuntos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, tal e como se fixo coa presentación dun proxecto de colaboración entre Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en materia de auga para Mozambique ou na participación en licitacións internacionais como a do consorcio de Serviguide, SL e a Escola Galega de Administración Pública para participar na licitación *Investigación na*

área de Profesionalización da Carreira Pública na República Dominicana ou a candidatura do Instituto Galego de Estatística para participar na *Asistencia técnica para o apoio ao sistema estatístico nacional de Angola*.

- **Elaboración do proxecto do III Plan Director 2014-2017.**

A lei 3/2003, galega, de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, sinala que a cooperación galega para o desenvolvemento se articula a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais. Os plans directores serán aprobados polo Parlamento de Galicia a proposta do Consello da Xunta de Galicia, co informe previo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Sendo que o Plan Director 2010-2013 finaliza o seu período de vixencia o 31 de decembro de 2013, a Xunta de Galicia presentara a finais de ano unha proposta de Plan Director para os vindeiros catro anos.

O III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 terá un carácter mais estratéxico e buscará a posta en valor dos aspectos cualitativos da cooperación galega. Igualmente, adecuarase ás directrices establecidas no IV Plan director da Cooperación Española 2013-2016.

- **Plan anual de avaliacións de proxectos no exterior.**

Un dos obxectivos do II PD é incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega, ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora.

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, son un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.

- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos e é esixible, polo tanto, un exercicio de rendición de contas.

Incidindo nesta necesidade avaliadora no ano 2013 vaise realizar a seguinte avaliación:

- Avaliación final das intervencións financiadas en Nicaragua dende o ano 2007.

• **Avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento en Galicia.**

O II PD recolle a necesidade de realizar unha avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento co fin de analizar se se acadou unha mellora na adecuación de materiais e metodoloxías aos contidos transmitidos e aos colectivos destinatarios.

Este exercicio avaliador iniciarase cunha actividade de diagnóstico das accións de educación para o desenvolvemento financiadas pola Xunta de Galicia durante o período de vixencia do II PD, que será realizado polo persoal bolseiro da Dirección Xeral, contribuíndo ao obxectivo de formación de persoal especializado que a administración autonómica leva a cabo por medio das bolsas de formación para expertos/as en cooperación internacional, no marco do fortalecemento do sistema galego de cooperación.

A avaliación realizarase segundo os termos establecidos no II PD.

• **Novidades normativas.**

Dando cumprimento á previsión recollida no II PD de facilitar a participación dos empregados e empregadas da Administración pública galega en iniciativas de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, no ano 2011 a Dirección Xeral da Función

Pública iniciou a elaboración dunha nova normativa do emprego público, que regulará a concesión de permisos e licenzas para que os devanditos empregados e empregadas poidan desempeñar no terreo iniciativas en proxectos de desenvolvemento e de acción humanitaria e de emerxencia.

- **Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos.**

En aras de conseguir unha mellor calidade da planificación e da xestión das intervencións, de incrementar o grao de transparencia da cooperación galega así como de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, durante o ano 2013 recorrerase á contratación de empresas ou persoal técnico experto en determinados ámbitos para realización de servizos tales como:

- A edición e publicación do Informe 2012 da Cooperación Galega.
- A avaliación *ex ante* dos proxectos presentados á convocatoria pública de Epd e *ex post* dos proxectos financiados en Nicaragua.
- A avaliación final do II Plan Director 2010-2013 e a elaboración do proxecto do III Plan Director 2014-2017.
- A coordinación e seguimento de intervencións financiadas no ano 2013.

- **Cursos de formación.**

Co obxecto de reforzar a base social que sustenta a política de cooperación, así como a implicación activa da cidadanía nas accións en que se concreta a devandita política, impartiranse cursos de formación na Escola Galega de Administración Pública para familiarizar ao colectivo do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia sobre aspectos de interese relacionados coa cooperación para o desenvolvemento. En concreto, no 2013 formarase a empregadas e empregados públicos sobre compra pública ética, comercio xusto e consumo responsable.

De igual forma atenderase á formación e ampliación de capacidades en materia de cooperación para o desenvolvemento do resto dos axentes da cooperación galega co fin de acadar unha participación máis efectiva daqueles actores que xa están implicados na cooperación, e a incorporación de actores potenciais que, grazas a estas actividades formativas e de capacitación, poden converterse en axentes activos da promoción do desenvolvemento.

Así mesmo apoiaranse outras iniciativas dirixidas ao fortalecemento do sector que organicen as ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e outros axentes de cooperación.

- **Actividades divulgativas.**

Tomando coma referencia o obxectivo xeral do II PD de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE publicará o *Informe 2012 da Cooperación Galega*, que será distribuído entre as diversas institucións a nivel galego e nacional, así como entre os diferentes axentes galegos de cooperación, e será publicado na web da Cooperación Galega co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que dende Galicia se leva a cabo.

Así mesmo, acometerase unha mellora da páxina web co fin de garantir a transparencia e facilitar o acceso directo aos principais instrumentos de rendición de contas da cooperación galega. Cómpre mellorar a funcionalidade, accesibilidade e visibilidade da páxina web da cooperación galega co fin de favorecer un mellor coñecemento por parte da cidadanía das actuacións da cooperación galega e dos resultados da xestión dos recursos públicos investidos na solidariedade global e na loita contra a pobreza. Estudarase, igualmente, a utilización de novos instrumentos de comunicación como as redes sociais.

Por outra banda, e como en anos anteriores, a Cooperación Galega sumarase á conmemoración de datas significativas para a cooperación internacional para o desenvolvemento, a través da publicación de declaracións institucionais, apoio de iniciativas doutros axentes, etc.

Actuacións doutros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia.

Ademais das actuacións promovidas polo departamento competente en materia de cooperación exterior, outros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia achegarán recursos orzamentarios e coñecementos técnicos a través de actuacións no eido da cooperación para o desenvolvemento, en coordinación coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. As achegas que se fagan para a financiamento destas actuacións non están consideradas no orzamento de partida desta Dirección Xeral, senón que serán considerados unha vez se vaian producindo.

Cabe destacar as actuacións que neste ámbito desenvolven as Consellerías do Medio Rural e do Mar, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e de Sanidade así como o Centro Superior de Hostalería de Galicia.

- **Consellería do Medio Rural e do Mar.**

Un dos ámbitos nos que se dan as mellores condicións para que Galicia realice una cooperación transformadora pola súa especialización é o da pesca e da acuicultura.

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), continuará neste ano a colaborar en proxectos no eido da cooperación para o desenvolvemento, co financiamento da Xunta de Galicia, da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

(AECID) ou de organizacións internacionais, achegando os coñecementos técnicos do seu persoal especializado en cooperación en materia pesqueira ou acuícola. Como países de intervención podemos destacar: Perú, Mozambique, Namibia, Cabo Verde ou os países centroamericanos, entre outros.

- **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**

Froito da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Organismo Autónomo Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en outubro de 2010 presentouse ante Comisión Europea unha proposta para levar a cabo o proxecto titulado “Creación e reforzo de capacidades do Ara-Norte para a planificación e xestión dos recursos hídricos nas concas internas de Cabo Delgado, Mozambique”. En agosto de 2011 dito proxecto foi aprobado pola Comisión Europea.

O proxecto executarase ata 2014 e recibirá un financiamento comunitario de 393.980 €, procedentes do Fondo Europeo para o Desenvolvemento (FED).

As actuacións que se desenvolverán no marco deste proxecto realizaranse baixo a modalidade de traballos en asociación ou asociacións entre entidades responsables da xestión dos recursos hídricos do Norte e do Sur para a transferencia de coñecementos.

Augas de Galicia como entidade do Norte é a líder da asociación e transferirá coñecementos ao seu homólogo mozambiqueño na Rexión Norte do país. O papel da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ten sido o de impulsor da iniciativa e ten previsto actuar tamén coma cofinanciador, cunha achega de 138.000 € en 3 anos. Ademais, tamén intervirán, como socios de apoio, a Universidade da Coruña (a través do Grupo de Enxeñería da Auga e do Medio Ambiente-GEAMA-), a Universidade Politécnica de Cataluña (a través do

GRECDH: Grup de Recerca en Cooperació i Desenvolupament Humà) e a consultora ambiental Amphos 21.

- **Consellería de Sanidade.**

É previsible que ao longo do ano 2013, se as dispoñibilidades financeiras así o permiten, a Consellería de Sanidade asine convenios de colaboración con ONGD galegas para a prestación de asistencia sanitaria a menores de terceiros países participantes en programas vacacionais, que poderán ser cuantificados a finais de ano.

- **Centro Superior de Hostelería de Galicia.**

O Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), institución dedicada á formación en materia hoteleira e turística, que aproveita o seu coñecemento para asesorar a empresas e administración, dependente da Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, vén realizando actuacións de cooperación técnica ao desenvolvemento con financiamento da Xunta de Galicia e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a organización de cursos para directivos e técnicos turísticos de países do sueste asiático que se forman en Galicia e levan esta experiencia aos seus países de orixe.

No ano 2013 este centro continuará colaborando na posta en marcha de centros de formación en materia turística, así como na transferencia de coñecementos nesa materia en proxectos que se desenvolverán en diversas áreas xeográficas.

4. ORZAMENTOS 2013

Aínda que o Goberno galego, de acordo coas previsións establecidas no II PD, renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos, os orzamentos para o ano 2013 sofren unha redución respecto aos de 2012, o que de calquera forma vai permitir cumprir cos compromisos adquiridos en exercicios anteriores e realizar actuacións novas, principalmente nos eidos da educación para o desenvolvemento e a acción humanitaria.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2013 por capítulos de gasto:

PROGRAMA 331-A: COOPERACIÓN EXTERIOR		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	407.973
Capítulo IV	Transferencia correntes	3.013.568
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	457.666
	Actuacións de cooperación no exterior	2.440.358
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	60.000
	Bolsas formación en cooperación	55.544
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000
Capítulo VII	Transferencias de capital	661.838
TOTAL Programa 331-A		4.143.379
Capítulo II do Programa 111-E: D.X. de RR.EE. e coa UE	Gastos de funcionamento	168.991*
TOTAL		4.312.370

*Gastos de funcionamento (168.991 €): Importe resultante do rateo do orzamento do capítulo II da Dirección Xeral entre as diferentes unidades que a integran.